Activar conta de usuario ou modificar datos básicos da mesma

- Conta de usuario
- Activación de conta ou modificación dos datos básicos
  - Requisitos para a activación da conta de usuario
  - Acceso ó formulario de activación de conta ou modificación dos datos básicos
  - Activar conta ou establecer novo contrasinal
  - Establecer visibilidade no directorio de contas de correo
  - Redirixir a conta de correo e/ou establecer resposta automática ós correos
  - Non consigo acceder ó formulario de activación de conta
- Non coñezo os meus datos de acceso á Secretaría Virtual

Conta de usuario

Esta conta, do tipo usuario@uvigo.es ou usuario@alumnos.uvigo.es serve para acceder a:

- Secretaría Virtual
- Rede sen fíos (wifi)
- Correo electrónico
- Disco Privado Virtual (DPV
- Servidor web de reenvío (Proxy) para acceso a publicacións electrónicas
- Acceso autentificado a páxinas web
- Aplicacións do servizo de Deportes (DeporXest)
- Aplicacións do servizo de Cultura (CulturXest)
- Aplicacións de Biblioteca
  - Consulta Ebook/XerCode
  - Acceso publicacións IEEE
- Acceso a servizos externos (SIR, EduGain)

Activación de conta ou modificación dos datos básicos

A páxina de activación de conta ou modificación dos datos básicos da mesma pode empregarse para:

- Activar a conta de usuario
- Cambiar o contrasinal ou establecer un novo se se esqueceu este
- Redirixir a conta e correo a outra dirección
- Establecer unha mensaxe de resposta automática ós correos recibidos
- Establecer a visibilidade da conta no directorio de contas de correo

Requisitos para a activación da conta de usuario

Para poder dispoñer dunha conta de usuario, compre ser un alumno con matrícula en vigor ou un traballador en activo da Universidade de Vigo.

Para activar a conta ou modificar os datos da mesma (cambiar o contrasinal, redirixir o correo ou establecer unha resposta automática ás mensaxes recibidas) compre ter algún dos seguintes datos:

- Os datos de acceso á Secretaría Virtual da Universidade de Vigo
  - **Número de DNI**, pasaporte ou documento identificativo empregado na Secretaría Virtual
  - **NIU** : Número de 12 díxitos que se usa como identificador de acceso á Secretaría Virtual. No caso de que o usuario dispoña de tarxeta univesitaria (TUI) o NIU ven impreso na parte inferior da mesma.
  - **Clave de acceso á secretaría virtual**
- Certificado dixital de persoa física da FNMT

Acceso ó formulario de activación de conta ou modificación dos datos básicos

1. Acceda a: http://login.uvigo.es/portal/
   Pódese atopar un enlace a esta páxina no acceso web ó correo, http://correoweb.uvigo.es, na parte dereita da páxina:



2. Na páxina que aparece prema en "Acceder":

3. Indique os seus datos para autentificarse
   Pode elexir as seguintes opcións:
   a. *Datos de acceso á Secretaría Virtual*

i. Indique que se vai a autentificar empregando o "NIU"

ii. Indique os datos de acceso á secretaría virtual (NIU, número de documento e chave de acceso):



b. *Usuario e contrasinal (se xa os coñece)*

c. *Certificado FNMT*
Indique que se vai a autentificar empregando "Certificado dixital"

Accederá a unha páxina dende a que poderá seleccionar a conta que desexa activar ou modificar (se un usuario é tanto alumno como persoal da universidade terá dúas contas, unha do tipo usuario@alumnos.uvigo.es e outra do tipo usuario@uvigo.es)

Activar conta ou establecer novo contrasinal

No formulario de edición de contas de usuario indique o seu novo contrasinal, e, unha vez que a páxina o de por bo (en base a unha serie de regras que se indican no propio formulario), prema en "Establecer contrasinal".

Desconectar (usuario@uvigo.es) Español | English | Galeg

Universidade Vigo

Modificación das características das contas de usuario

Activación e cambio de contrasinal

Benvido, Perico Palotes Perez
Autentificado mediante Usuario y password
Documento
E-mail usuario@uvigo.es

Ten 1 contas de usuario activas
- usuario@uvigo.es

usuario@uvigo.es

Datos da conta

Nome	Perico Palotes Perez
Expiración	Sunday, 31 of July of 2016
Campus	Vigo
Unidade	
Acceso proxy para aplicacións electrónicas	Deshabilitado
Acceso WIFI uvigo	Deshabilitado
Acceso SSL-VPN	Deshabilitado
Acceso DPV	Deshabilitado

Establecer novo contrasinal

Establecer un novo contrasinal ou activar a conta

Contrasinal ••••••••••

Repita o contrasinal

Complexidade do contrasinal 0%

ESTABLECER NOVO CONTRASINAL

É recomendable que o seu contrasinal cumpla as seguintes condicións
- *Polo menos 8 caracteres (letras,símbolos e números) e menos de 20*
- *Ter algunha letra (mellor se hai maiúsculas e minúsculas)*
- *Ter algún número*
- *Ter algún símbolo (exemplo $ % & / ( ) = ? ¿ , ; :)*
- *Non pode ser igual ao login (exemplo, usuario "ines" contrasinal "ines")*

Os contrasinais inseguros perxudican ós sistemas informáticos e causan problemas ao resto de usuarios do mesmo

Visibilidade no directorio

Indicar o nivel de visibilidade da conta de correo nos directorios públicos de búsqueda

- ○ Visible para todos (NON recomendado)
- ◉ Visible para usuarios na UVIGO
- ○ NON visible (oculto)

MODIFICAR VISIBILIDADE NO DIRECTORIO

Redirección e autorresposta

Configurar redirección e autorresposta

Estas opcións configúranse agora dende o acceso web ó correo. Poden atopar máis información aquí.

Precisa Axuda? | Información

Establecer visibilidade no directorio de contas de correo

Por defecto as contas de correo aparecen como non visibles cara o exterior da Universidade de Vigo pero como visibles no buscador da páxina web da universidade se a consulta se fai dende a propia rede da Universidade de Vigo e como visibles no directorio de contas de correo do acceso web ó correo.

Hai dúas posibilidades:

- **Conta visible para usuarios na Universidade de Vigo**: Aparecerá se se consulta o directorio de contas dende o acceso web ó correo ou no buscador da páxina web se esta consulta se fai dende a propia rede de datos da Universidade de Vigo
- **Conta non visible**: A conta non aparecerá nos directorios de contas de correo



Redirixir a conta de correo e/ou establecer resposta automática ós correos

⚠️ Esto xa non se configura dende aquí senón dende o acceso web ó correo, http://correoweb.uvigo.es, como se indica en: *"Filtros: ausencia e redirección do correo"*

Non consigo acceder ó formulario de activación de conta

- Problema: Erro na autentificación
  - Causa: Non todas as aplicacións de UVIGO empregan a mesma codificación de caracteres, polo que pode haber problemas se algúns caracteres do contrasinal son acentos, interrogacións ou caracteres similares.
  - Solución: Namentres non se corrixa este problema nas codificacións compre que indiquen un contrasinal que non conteña acentos, diéreses, eñes ou aperturas de interrogación ou exclamación.

ℹ Non coñezo os meus datos de acceso á Secretaría Virtual

Os datos de acceso para a activación da conta de usuario son os mesmos que se empregan para o acceso á Secretaría Virtual da Universidade de Vigo.

ℹ Se non coñece estes datos de acceso *pode obtelos dende a propia secretaría virtual*.

⚠️ Para os problemas de acceso á Secretaría Virtual, mecanismos de obtención do NIU e en xeral para consultas relativas ós servizos que esta presta, a información actualizada tense na páxina https://seix.uvigo.es/uv/web/app.php/axuda/. Na sección "Problemas de Acceso" pode consultar información máis completa sobre o procedemento de obtención das credenciais de acceso á Secretaría Virtual.

1. **Se esqueceu os seus datos de acceso** (NIU, contrasinal de acceso á secretaría virtual) pode recuperalos premendo, na páxina principal da Secretaría Virtual, o enlace "Recuperar datos de acceso", pediráselle a conta de correo que indicou, se é alumno, ó matricularse.



2. **Se non dispón aínda de un identificador (NIU) na Secretaría Virtual**, pode conseguilo seguindo o enlace "Cree o seu NIU" que aparece nesa páxina:



Debe indicar a súa situación segundo corresponda (estudante ou persoal con contrato coa Universidade de Vigo)



Se vostede é un alumno pediralle o seu NIF ou documento identificativo e o código de seguridade que se proporciona para a activación do NIU durante o proceso de automatrícula.

Se vostede é persoal con contrato coa Universidade de Vigo (PAS ou PDI) debe indicar o código de seguridade que se proporciona ó asinar o contrato coa Universidade de Vigo.